

Recomendamos, para entender mellor a evolución da sociedade galega durante o século XVIII:

1- O capítulo titulado [Fillos da terra](#) da serie Historias de Galicia, que describe, basicamente, a evolución do sistema agrícola galego determinado polos contratos forais que permitiron a introdución dos novos cultivos americanos (millo no XVII e patacas no XVIII) e o enriquecemento da fidalguía que se converteu na elite social e política de Galicia durante os séculos modernos como narra a primeira parte do capítulo [nobles, fidalgos e caciques](#).

2. O titulado [A despensa salgada](#) desa mesma serie describe as características e as consecuencias dos cambios nas artes de pesca e de procesado do peixe co sistema de salga establecidos polos fomentadores cataláns na Galicia de beiramar no século XVIII.

Mirade, tamén, o capítulo [a historia de ser mulleres](#) para entender a importancia do traballo feminino nos almacéns de salga e, posteriormente, nas fábricas de conserva de peixe que abasteceron de proteínas baratas aos sectores populares españois durante os séculos contemporáneos.